



## BASES PARA A CONTRATACIÓN DE 2 XEFES PARA AS BRIGADAS DE INCENDIOS MUNICIPAIS 2024

### Primeira. Obxecto

Ten por obxecto a presente convocatoria contratar polo sistema de concurso-oposición a 2 xefes de brigada ao abeiro do Convenio interadministrativo subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello da Estrada para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co FEADER no marco do programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

### Segundo. Condicóns

Modalidade contractual: Contrato temporal ( Execución de programa de actuación financiado con fondos da UE ) (DA 5ª do Real Decreto-Lei 32/2021).

Duración do contrato: Tres meses

O horario laboral será xornada completa.

Percibirán a cantidade mensual bruta de 1.496,51 euros, por tódolos conceptos incluídas a parte correspondente das pagas extraordinarias.

### Terceira. Requisitos das persoas aspirantes

1.- Para ser admitidos á realización das probas selectivas os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou algunha outra que, conforme co disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público. Poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:
  - As persoas que posúan a nacionalidade doutros estados membros da Unión Europea.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, que sexan cónxuxes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separadas de dereito.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade e dependentes.
  - As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos ou maiores da devandita idade e dependentes.
  - As persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais subscritos pola Unión Europea e ratificados por España nos cales sexa aplicable a libre circulación de traballadores/as.
- b) Ter cumplidos os 18 anos de idade e non superar a idade máxima de xubilación.





- c) Estar en posesión do título de Enxeñeiro/a de Montes, Enxeñeiro/a Técnico Forestal, Técnico/a superior en xestión forestal e do medio natural, Técnico/a en aproveitamento e conservación do medio natural, técnico/a en emerxencias e protección civil ou formación profesional equivalente, ou en condicións de obtelos na data de finalización do prazo de admisión de instancias.
- d) Estar en posesión do carné de conducir tipo B.
- e) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións do cargo.
- f) Que non fora ou estea separado/a, mediante un expediente disciplinario, do servizo da administración local ou doutras administracións públicas, e que non estea inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas.

#### **Cuarta.- Presentación de solicitudes**

O prazo para a presentación de solicitudes será de cinco días, contados a partir do día seguinte da publicación do correspondente anuncio en dous diarios de gran difusión. As Bases íntegras publicaranse na páxina web do Concello da Estrada, <http://www.aestrada.gal/> e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/>.

As instances solicitando tomar parte nas probas selectivas presentaranse no Rexistro Xeral deste Concello , na sede electrónica <https://aestrada.sedelectronica.gal/info.0> ou nalgún dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de que se remita a documentación por correo postal ou mediante presentación no rexistro doutra Administración que careza de Sistema de Intercambio de Rexistros (SIR) aconséllaselles ás persoas aspirantes que comuniquen a presentación da instancia conforme ao modelo do Anexo das presentes bases onde conste o selo coa data de presentación mediante un correo electrónico ao enderezo persoal@aestrada.gal, durante o mesmo prazo que o de presentación de instances.

#### **Con ela acompañaranse orixinais ou compulsados:**

- a) D.N.I.
- b) Fotocopia do carné de conducir tipo B.
- b) Xustificante de coñecemento de lingua galega (Celga 4 ou equivalente), de posuílo.
- c) Fotocopia do título requiredo.
- c) Relación de méritos que alega e documentación xustificativa.

c) Xustificante do pagamento das taxas de inscrición ( a cantidad a aboar serán 20,00 euros os cales serán pagados na Tesourería municipal ou a través do seguinte número de conta bancario: BBVA ( ES17 0182 6246 3202 0036 0191 ) no xustificante de ingreso terá que figurar o DNI do candidato á praza).

Segundo a ordenanza fiscal nº 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, nos procedementos de selección de persoal, non será esixible o pagamento polos conceptos “Dereitos de exame” e “Compulsas” ás persoas desempregadas que figuren como





demandantes de emprego, sempre que así o acrediten por medio de certificación emitida polo Instituto Nacional de Empleo ou servizo homólogo da Comunidade Autónoma.

As persoas aspirantes quedan vinculadas aos datos que fixeron constar na solicitude, se ben os erros de feito que poidan advertirse poderán subsanarse ou repararse en calquera momento ben de oficio, ben a instancia de parte.

#### Quinta. Admisión dos aspirantes

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes publicarase a lista de persoas admitidas e excluídas, en que se especificarán, de ser o caso, os motivos de exclusión. A lista publicarase no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal. No caso de non existir persoas excluídas, a lista será considerada como definitiva.

No caso de existir persoas aspirantes excluídas, dispoñerán dun prazo de dous días, contados a partir do día seguinte ao da publicación da lista, para poderen emendar o defecto que deu motivo á exclusión.

#### Sexta. Tribunal cualificador

Os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberase axustar aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase, así mesmo, á paridade entre mulleres e homes. O persoal de elección ou de designación política, o persoal funcionario interino e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección. A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, polo que non se poderá realizar en representación ou por conta de ninguén.

Estará constituído por un/unha presidente/a, un/unha secretario/a e tres vogais cos/as seus/súas correspondentes suplentes.

Os membros dos Tribunais deberán absterse de intervir e comunicarollo ao Sr. Alcalde cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015 do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do sector público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes durante os cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, para o mesmo corpo e especialidade. Así mesmo as persoas aspirantes poderán recusar os membros do Tribunal cando neles concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da Lei 40/2015. Unha vez constituído o Tribunal tamén poderán incorporarse os outros vogais titulares que non concorresen á sesión constitutiva e, de ser o caso, os suplentes.

Os membros do Tribunal que asistan ás súas sesións, percibirán dietas pola súa asistencia, na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

#### **Sétima. Sistema de selección**

O sistema de selección dos aspirantes será de concurso-oposición.

#### Fase Oposición. Exercicio de carácter obligatorio e eliminatorio.

Terá carácter previo á fase de concurso e consistirá na resolución dun exame tipo test, de 40 preguntas con 4 respuestas alternativas, das cales só 1 será correcta, baseadas no contido do





temario da convocatoria. As preguntas contestadas erróneamente non restarán. As persoas opositoras dispoñerán de 50 minutos para a realización do cuestionario. O tribunal será o encargado de elaborar o cuestionario, para o que se reunirá na data que acorde no momento da súa constitución.

A proba cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario 5 puntos para aprobar.

### **Fase de concurso**

Nesta fase o Tribunal avaliará os méritos alegados e acreditados por aqueles aspirantes que superaran o exercicio obligatorio cunha puntuación mínima de 5 puntos de acordo co seguinte baremo:

#### **1.- Experiencia profesional, ata un máximo de 3,00 puntos:**

- Por ter desempeñado tarefas ou funcións en postos idénticos ou similares á praza obxecto deste proceso de selección en calquera Administración Pública ou organismos autónomos de carácter administrativo dependentes da mesma: 0,25 puntos por mes completo.

Para acreditar estes traballos os aspirantes deberán presentar orixinal ou copia compulsada de informe de vida laboral expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social e orixinais ou copias compulsadas dos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados onde se acredite o posto desempeñado, xornada e duración do traballo (aqueles que traballaron no Concello da Estrada, únicamente terán que facelo constar, e non será necesario presentar a certificación a que fai referencia este apartado).

De non presentarse a citada documentación, ou si se presenta outra diferente á aquí referida, a cualificación neste apartado será de 0 puntos.

#### **2. Formación ata un máximo de 1 punto:**

Cursos relacionados coa actividade a desenvolver no posto de traballo, impartidos por Organismos Oficiais ou centros homologados.

Os cursos que a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias da praza, non serán puntuados. Tampouco serán puntuados aqueles cursos nos que non conste o nº de horas ou de duración inferior a 20 horas:

- a) Cursos de 76 horas ou máis: 0,50 puntos
- b) Cursos de 60 a 75 horas: 0,40 puntos
- c) Cursos de 40 a 59 horas: 0,20 puntos
- d) Cursos de 20 a 39 horas: 0,10 puntos

### **PROBA DE GALEGO.**

As persoas aspirantes que non demostren o coñecemento da lingua galega a través do correspondente certificado (Celga 4 ou equivalente) terán que realizar obrigatoriamente unha





proba específica que demostre tal coñecemento.

Quedarán exentas de realizar a proba específica as persoas aspirantes que opten por realizar o exercicio obligatorio en lingua galega. As restantes persoas opositoras terán que realizar unha tradución do castelán ao galego, nun tempo máximo de 10 minutos. Cualificaranse como aptas as persoas aspirantes que realicen a tradución completa no tempo indicado. No caso de non realizar a tradución completa, serán consideradas non aptas.

#### **Oitava. Comezo do exercicio**

- 1.- A data e a hora do exercicio publicarase xuntamente coa aprobación da lista definitiva de admitidos no Taboleiro de anuncios da sede electrónica e na web municipal.
- 2.- As persoas aspirantes deberán presentarse para a realización do exercicio provistos do DNI, ou documento fidedigno acreditativo da súa personalidade a xuízo do Tribunal, así como dos medios materiais adecuados e necesarios para a práctica dos mesmos.

#### **Novena. Cualificación final e relación de aprobados**

Unha vez valorados os méritos alegados polos aspirantes, o Tribunal publicará no taboleiro de anuncios e na web municipal a valoración dos méritos xunto coas puntuacións finais por orde de puntuación.

As 2 persoas que consigan maior puntuación someteranse á realización das probas físicas de esforzo (banco) e un recoñecemento médico para poder comprobar as súas condicións de saúde para o traballo a realizar. Estas probas realizaranse nun centro que se designará ao efecto, sendo necesario obter a condición de APTO.

No suposto de non superar o recoñecemento médico ou as probas físicas, seguirase chamando os/as aspirantes por orde de puntuación acadado no presente proceso selectivo.

#### **Décima. Formalización dos contratos**

Unha vez obtida a condición de APTO serán propostas ao Presidente da Corporación para que faga o nomeamento e se formalicen os contratos. Non se poderá propoñer a máis dunha persoa por praza convocada.

As demais persoas aprobadas manteranse, por orde de puntuación, nunha lista de suplentes para o caso de ser necesario o seu chamamento como consecuencia de renuncias, baixas laborais etc.

#### **Décimo primeira. Carácter vinculante das bases**

As bases desta convocatoria vinculan a administración municipal, os tribunais cualificadores e as persoas aspirantes que participen nos procesos selectivos convocados.

#### **Décimo segunda. Incidencias e recursos**

As presentes Bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdicción contencioso-administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción Contenciosa-Administrativa, no prazo de dous meses, contados dende a data do día seguinte da publicación destas. Así mesmo, poderanse impugnar consonte o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

No non previsto nas bases, aplicarase a Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de





Galicia, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, o Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, o Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores e o Convenio colectivo do persoal do concello (de ser o caso).

O Tribunal deste proceso selectivo queda facultado para a interpretación das bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias prantexe a súa aplicación, a cuxo efecto poderá adopta-los acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.





## ANEXO TEMARIO

- 1.- A Constitución española de 1978. Estrutura e principios xerais.
- 2.- Os dereitos fundamentais na Constitución española.
- 3.- O Tribunal Constitucional. A Reforma da Constitución.
- 4.- A organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor del Pueblo. O Poder Xudicial.
- 5.- O Goberno e a Administración. Principios de actuación da Administración Pública. A Administración Xeral do Estado.
- 6.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: Estrutura e Disposicións Xerais.
- 7.- Organización do municipio. O Alcalde. A Xunta de Goberno Local. O Pleno.
- 8.- O Réxime Local español: principios constitucionais e regulación xurídica. Relacións entre Entes Territoriais. A Autonomía Local.
- 9.- O Municipio: concepto e elementos. O termo municipal.
- 10.- A pobación: Competencias municipais.
- 11.- A provincia: Organización provincial. Competencias.
- 12.- Outras Entidades Locais. Mancomunidades. Comarcas e outras Entidades que agrupen varios Municipios. As Áreas Metropolitanas.
- 13.- As Entidades de ámbito territorial inferior ao municipal.
- 14.- A potestade regulamentaria na esfera local; Ordenanzas, Regulamentos e Bandos; procedemento de elaboración e aprobación.
- 15.- Especialidades do procedemento administrativo local. O Rexistro de Entrada e Saída de documentos.
- 16.- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.
- 17.-Lei 18/2021, do 27 de decembro de medidas fiscais e administrativas. Modificacións da Lei 3/2007 (artigo 14).
- 18.- Orde do 13 de marzo de 2009 sobre aprobación dos plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito.
- 19.- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal.
- 20.- Orde do 18 de abril do 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendio forestal.





21.- A defensa contra incendios forestais en Galicia. Os distritos forestais. A rede de radio. O manexo dos equipos de comunicación. A recollida inicial de datos. A transmisión de datos dun lume. A recollida de datos ao final do lume.

22.- Lume forestal, características e o seu comportamento. Accións básicas de extinción. O ataque directo e indirecto. Os tendidos de mangueira e a súa organización. Coordinación do binomio cuadrilla-vehículo autobomba. A dirección de extinción. A aproximación ao lume. Elección do punto de estacionamento e primeiro ataque.

23.- A toma de auga. O emprego de aditivos: tipos e utilización.

24.- A seguridade persoal e a prevención de accidentes.

25 .- O marco legal da prevención de riscos laborais. Os riscos laborais nos traballos agrarios. As medidas preventivas e elementos de protección.

26.-Prevención. Accións sobre o territorio: control selectivo do combustible. Infraestruturas defensivas. Accións sobre a poboación. Plan territorial de defensa contra incendios forestais.

27.-Sistemas de detección e comunicación. Extinción de incendios forestais: técnicas de extinción, primeiro ataque e ataque ampliado, o contralume. Retardantes. Medios, vehículos, maquinaria e aeronaves na extinción de incendios. A coordinación de medios aéreos. Seguridade e prevención de riscos.

28.- O lume. O lume como factor ecológico. O incendio forestal. Factores que interveñen no seu comportamento. Variables que o caracterizan. Causas. Valoración de perdas ambientais e económicas.

29.-Aplicacións forestais da topografía e cartografía. Sistemas tradicionais de medición e replanteo. Sistemas de posicionamento global: fundamento, operación, análise do erro e aplicacións. Sistemas de información xeográfica: bases teóricas, principais aplicacións e sistemas más utilizados.

30.-Os incendios forestais. As súas clases, causas e factores que inflúen na súa propagación. Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. Os servizos de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia: O Pladiga.

31.- Os incendios forestais. Normativa estatal e autonómica. Os servizos de Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia.

32.-Competencias da Comunidade Autónoma de Galicia en materia forestal e de conservación da natureza. O Ministerio de Medio Ambiente. A Consellería do Medio Rural, a súa estrutura orgánica e funcional. A Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, a súa estrutura orgánica e funcional.

A Estrada, á data da sinatura dixital

O ALCALDE

**ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**





## Concello da Estrada

Praza da Constitución, 1  
36680 A Estrada, Pontevedra  
Tfno.: 986 570 165  
Fax: 986 570 836  
aestrada.gal

### SOLICITUDE DE ADMISIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE 2 XEFES DE BRIGADA DE INCENDIOS 2024 (PERSONAL LABORAL TEMPORAL)

Datos da persoa solicitante:

Nome e apelidos:			DNI/CIF:	
---------------------	--	--	----------	--

e, na súa representación:

Nome e apelidos:			DNI/CIF:	
---------------------	--	--	----------	--

Enderezo para os efectos de notificación:

Lugar/rúa:			Nº:	Andar:		Porta:
Parroquia:	Código postal:			Concello:		
Provincia:	Teléfono de contacto:			Correo electrónico:		

EXPOÑO:

Que son coñecedor/a do anuncio da convocatoria para a contratación de 2 xefes de brigada de incendios (laboral temporal).

Que reúno todas as condicións esixidas nas bases da convocatoria.

Que xuro/prometo que non me separaron do servizo das administracións públicas nin estou inabilitado/a para o exercicio de funcións públicas por sentenza firme.

Que xuro/prometo que non estou incurso/a en ningunha causa de incompatibilidade conforme a lei vixente. Por isto, SOLICITO:

Que se me admita para realizar as probas do proceso selectivo indicado.

ANEXOS:

- Fotocopia do documento nacional de identidade.
- Título requerido
- Certificado acreditativo do coñecemento da lingua galega, de posuío (Celga 4 ou equivalente).
- Carné de conducir esixido
- Relación de méritos
- Xustificante do pagamento das taxas de inscrición/ Certificado de exención

A Estrada,                   de                   de 2024

(*sinatura da persoa solicitante*)

